Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL DO 19.06.2025

LUGAR: Sala II do edificio Miralles. Campus de Vigo
DATA: 19.06.2025
HORA DE COMEZO: 11:45 h.
HORA DE REMATE: 13:45 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Calviño Rodríguez, Xulio
García Míguez, María de los Ángeles
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Novoa Rodríguez, María Sol

O xoves día 19 de xuño de 2025, ás 11:45 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión Executiva do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (07.10.2024).
2. Informe do presidente.
3. Presentación das conclusións do estudo sobre o *"Impacto social da UVigo: Análise de materialidade da actividade"*.
4. Aprobación, se procede, da asignación inicial das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, para o curso 2025/2026, aos departamentos da Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da doazón dun busto dedicado a un ex-profesor da Facultade de Filoloxía e Traducción.
6. Acordo que proceda sobre a asignación de complementos a profesorado da Universidade de Vigo por recoñecemento ao labor docente e investigador, á excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión.
7. Aprobación, se procede, da non continuidade da Universidade de Vigo como membro da Asociación de Universidades con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUnETI).
8. Aprobación, se procede, dunha aportación do Consello Social para a elaboración e entrega de material de acollida ao alumnado de novo ingreso no curso 2025/2026, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
9. Acordo que proceda sobre a axuda económica solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para organizar a IV edición dos "Premios Alumni UVigo 2025".
10. Aprobación, se procede, de novos prezos de matrícula do Programa Universitario de Maiores, para o curso 2025/2026.
11. Informe sobre as doazóns bibliográficas á Universidade de Vigo rexistradas en 2024.
12. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a presenza dos asistentes, e desculpa expresamente a ausencia de Marisol Novoa por causas persoais.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (07.10.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

De entre os importantes asuntos a tratar nesta sesión, Ernesto Pedrosa destaca –"pola súa singularidade e relevancia"- o que remite a coñecer o valor social da Universidade de Vigo, máis aló dos datos económicos, "porque pon o foco na universidade que ven, na nova universidade que se está a construír, na implicación social que a guía e na atención sensible aos cidadáns". Lembra que o Consello Social promoveu no seu momento, a elaboración do estudo do impacto económico da actividade da Universidade de Vigo, impulsando dous reveladores informes que permitiron cuantificar o impacto xerado pola institución nos anos 2019 e 2021, nos que se poñían cifras para o efecto tractor da universidade sobre a economía galega e, de xeito particular, sobre as provincias de Pontevedra e Ourense.

Engade que medir os fluxos económicos, o capital humano xerado ou os impostos recadados resultou necesario e convinte, pero xa non abonda, polo que neste novo traballo dáse un paso máis, porque o enfoque do Valor Social Integrado permite identificar aqueles aspectos que resultan prioritarios para os diferentes grupos de interese que se relacionan coa universidade. O presidente subliña que os resultados que ofrece este informe que hoxe se presenta, non só ratifican a importancia económica da Universidade de Vigo, xa analizada nos estudos anteriores promovidos polo Consello Social, senón que evidencian con claridade o seu papel como xeradora de valor social para o conxunto da sociedade galega. Reflicten ademais a relevancia dunha achega sólida e sostida ao benestar colectivo, á xeración de emprego de calidade, ao desenvolvemento social, á igualdade de oportunidades e á cohesión territorial.

"Agradezo aos profesores Andrés Mazaira e Isabel Diéguez -unha vez máis, porque se ocuparon tamén dos traballos anteriores- os achados para abrir novas visións e dotar á UVigo de hermenéuticas documentais novidosas e útiles, que lle servirán á institución para seguir medrando en recoñecemento e valoración social. Cos seus traballos, o Consello Social medra tamén no seu compromiso ao servizo da UVigo, coa rendición de contas, a transparencia e a sustentabilidade".

PUNTO 3

Presentación das conclusións do estudo sobre o "Impacto social da UVigo: Análise de materialidade da actividade".

O profesor Andrés Mazaira agradece o encargo do estudo, e destaca o avance que representa na rendición de contas á sociedade. Contextualiza o traballo a partir dos resultados e obxectivos dos anteriores estudos no eido económico, para dar agora resposta ao valor social integrado que aporta a UVigo, a monetización e a medición en termos de impacto ambiental, entre outros rexistros. Subliña a importancia de que sexan os colectivos sociais implicados -e non a UVigo- os que decidan que é o importante e que é relevante para eles, porque iso é o que se contabiliza. Dá conta da metodoloxía empregada e da elaboración dos cálculos e variables do valor económico-social a partir das enquisas.

A coautora do estudo, a profesora Isabel Diéguez, atende na súa exposición ao valor social específico da UVigo e aos resultados e valor monetario dos distintos indicadores, así como ao valor social integrado e á rendibilidade social da UVigo.

Como datos máis relevantes do estudo concrétanse os resultados das principais tipoloxías de valor social: valor económico social e valor social específico, que sumados consolidan o valor social xerado polo conxunto de interese da universidade en 387,7M€.

Francisco Gustavo Izquierdo e María Elvira Larriba consultan diferentes aspectos do estudo e reflexionan sobre as previsións da evolución do alumnado e a incidencia que terá. Os asistentes comentan e fan distintas valoracións. Andres Mazaira pecha advertindo que o valor económico social da universidade non para de medrar e superase cada ano, sinalando como reto o de vencellarse e atender as necesidades dos stakeholders.

- *Trasládase o informe ao Pleno.*

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da asignación inicial das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, para o curso 2025/2026, aos departamentos da Universidade de Vigo.

Explica o secretario que se pide o referendo da distribución, delegada inicialmente no presidente do Consello Social, porque os prazos para tramitar as bolsas son moi axustados e existe risco de poder incumprilos de non establecer medidas cautelares. Resume que as bolsas adxudicadas polo Ministerio á UVigo son 49, (as mesmas que o pasado curso, e 4 menos que en 2023). As solicitudes son 123 (no nivel máis baixo dos últimos anos) e os departamentos solicitantes son 45 (nos niveis máis altos dende 2010). Por ámbitos de coñecemento, o maior número de solicitudes proven de Matemáticas e Ciencias Experimentais (40), Tecnolóxico (35), Xurídico-Social (33) e Humanidades (15). Na distribución feita, consonte os criterios establecidos, ten un peso notable a produción científica, na que se destacan catro departamentos moi por enriba do resto, aos que se lle adxudicaron as catro bolsas restantes da asignación a todos os departamentos solicitantes.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da doazón dun busto dedicado a un ex-profesor da Facultade de Filoloxía e Traducción.

Indica o presidente que se trata da doazón á facultade dun busto de madeira do catedrático, xa falecido, Celso Rodríguez, quen fóra profesor e decano do centro, e cunha traxectoria de corenta anos de exercicio docente. O busto, de 20x21x35 cm, formará parte do mobiliario permanente da sala de xuntas do Decanato. Foi doado gratuitamente polo propio autor, Antonio Manuel Rodríguez.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a asignación de complementos a profesorado da Universidade de Vigo por recoñecemento ao labor docente e investigador, á excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión.

Expóñense as circunstancias e o marco no que se desenvolven estas competencias de complementos retributivos correspondentes as convocatorias da Xunta de Galicia. As propostas corresponden ás seguintes asignación, segundo resolución da ACSUG:

- Por complementos de recoñecemento ao labor docente e investigador, correspondente á convocatoria de 2024, consonte relación avaliada positivamente pola CGIACA en reunión do 16 de decembro de 2024.
- Por complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, correspondente á convocatoria de 2024, consonte relación avaliada positivamente pola CGIACA na xuntanza do 28 de maio de 2025.
- Por complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (convocatoria 2024), consonte valoración positiva da CGIACA na xuntanza do 7 de marzo de 2025.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da non continuidade da Universidade de Vigo como membro da Asociación de Universidades con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUnETI).

Por iniciativa do Departamento de Tradución e Lingüística, da Facultade de Filoloxía e Tradución, e consonte acordo do Consello de Goberno, proponse a non continuidade da UVigo como membro institucional da Asociación de universidades do estado español con titulacións oficiais de tradución e interpretación (AUnETI). As razón recóllense nun escrito remitido polo secretario do Departamento implicado.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 8

Aprobación, se procede, dunha aportación do Consello Social para a elaboración e entrega de material de acollida ao alumnado de novo ingreso no curso 2025/2026, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

Resume o presidente que a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais promove a distribución de material de acollida entre o alumnado que se incorpora cada curso á UVigo, consistente principalmente nunha axenda con abundante información de servizo sobre as prestacións da universidade. A actividade dá continuidade a unha iniciativa do Consello Social, que puxo en marcha e liderou esta acción durante varios anos, ata que finalmente foi asumida pola vicerreitoría e na que o Consello Social sigue a colaborar.

- ***Apróbase unha aportación de 8.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre a axuda económica solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, para organizar a IV edición dos "Premios Alumni UVigo 2025".

O próximo día 10 de xullo está prevista unha cerimonia pública para entregar cinco premios dentro do encontro anual Alumni-UVigo 2025, no que tamén se farán públicos distintos recoñecementos. O obxectivo principal da Comunidade Alumni-UVigo é fomentar vínculos e cooperación entre persoas egresadas, para que manteñan unha conexión permanente coa institución ao longo da súa vida persoal e profesional. O Consello Social propiciou no seu momento a creación e posta en marcha deste proxecto que agora lidera a Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, quen solicita colaboración para desenvolver as actividades dunha nova edición. En aplicación das normas e tendo en conta a axuda concedida na edición anterior,

- ***Apróbase unha aportación de 5.500 €.***

PUNTO 10

Aprobación, se procede, de novos prezos de matrícula do Programa Universitario de Maiores, para o curso 2025/2026.

Revísase a proposta da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente da UVigo, para incrementar os prezos da matrícula do programa de maiores, que pasa de 125 a 150 € para o curso completo da titulación universitaria superior senior; de 105 a 125 € para o curso completo da titulación universitaria en Cultura e Sociedade; e de 8 a 9,50 € por cada crédito matriculado, para o resto de matrículas. Tense en conta o incremento dos custes loxísticos do programa dada a evolución crecente da matrícula, e que os prezos están conxelados dende hai varios anos e están por debaixo dos que se aplican no resto do SUG.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 11

Informe sobre as doazóns bibliográficas á Universidade de Vigo rexistradas en 2024.

En cumprimento das labores de seguimento e control, lémbrase que en xullo de 2012 o Consello Social, co obxectivo de facilitar un procedemento máis áxil e doado para as doazóns bibliográficas, por non ter estas unha maior transcendencia para o patrimonio da universidade, validou a Normativa de Aceptación de doazóns bibliográficas, aprobada pola Comisión da Biblioteca, despois de solicitar que se incorporase ao texto que a súa aplicación se circunscribise a doazóns menores e correntes, non ás doazóns de singular importancia que son competencia directa do Consello Social, ao que se debe dar conta. Pediuse, así mesmo, que se informase ao Consello Social, o que se fai de xeito anual. Segundo comunicación do director, en2024 non se rexistrou ningunha doazón bibliográfica.

- *A Comisión dáse por informada.*

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Por iniciativa de Elvira Larriba e Xulio Calviño iniciase unha rolda de opinións, preguntas e respostas sobre o proceso que se está a seguir para a implantación da titulación de Dereito na UIE e a reacción das facultades. O reitor informa que foi aprobada no Consello Galego de Universidades por 12 votos a 7, durante una reunión na que tamén se deu conta da carta remitida dende o Consello Social da UVigo posicionándose a favor de que se cumpra o disposto na normativa ao respecto. Manuel Reigosa engade que -tanto ao seu parecer como ao dos decanos afectados- non se está a producir, polo que anuncia a presentación dun recurso.

Respecto ao debate aberto en Galicia ao redor da titulación de Medicina, o reitor declárase a favor de negociar un procedemento dende o consenso, e incide na necesidade de que as iniciativas das privadas sexan avaliadas e reciban o mesmo tratamento que as públicas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 19 de xuño de 2025, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente da Comisión Executiva,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2025.10.16 19:45:25 +02'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2025.10.16 20:30:09 +02'00'